

FONDO BERNARDO GIRÁLDEZ DEL CAMPO

1 ÁREA DE IDENTIFICACIÓN:

- 1.1 **Código de referencia:** AMI (Arquivo Municipal da Imaxe) Concello do Porriño
- 1.2 **Título:** Fondo Bernardo Giráldez del Campo
- 1.3 **Datos:** 1935-1970 (?)
- 1.4 **Nivel de descripción:** Fondo
- 1.5 **Volume e soporte da unidade de descripción:** 14 partituras manuscritas e 4 partituras editadas, 1 carné profesional, 1 recorte de prensa, 9 fotografías (positivos). Todos os documentos teñen como soporte o papel.

2 ÁREA DE CONTEXTO:

- 2.1 **Nome do produtor:** O fondo foi producido por Bernardo Giráldez del Campo na súa actividade como músico e compositor.
- 2.2 **Historia institucional/ Recensión biográfica:** Bernardo Giráldez del Campo (O Porriño, 1918-1974). Desde ben cativo recibe formación musical por parte do seu pai, o músico Bernardo Giráldez Cabaleiro, e do seu avó Marcelino Giráldez Pérez, director da Banda de Música do Porriño desde 1894 ata 1928. Desta etapa existe constancia gráfica da súa participación como violinista na *Gran Orquesta Rubistein* do Porriño, con apenas 10 anos de idade. Leva a cabo estudos de solfexo e harmonía que compaxina cos de violín. Ao rematar os seus estudos no Conservatorio, complementa a súa formación como violinista co prestixioso e afamado profesor Jesús Corvino. Unha vez rematados os seus estudos superiores como violinista continúa estudando o saxofón e o clarinete. Todos estes instrumentos formaron parte da súa carreira como músico, ben como integrante ou concertista en formacións de música clásica, lixeira ou en conxuntos de Jazz. A súa carreira interrómtese coa Guerra Civil. Ao remate desta, reincorpórase a vida civil formando o seu célebre *Cuarteto Veracruz*. Esta formación viguesa acadou un grande éxito na época dentro dos conxuntos de música lixeira que seguían a influencia das grandes Big Band, moi de moda nese momento. A partir destas datas comeza tamén a compoñer as súas primeiras obras, para ser interpretadas por el mesmo e o seu conxunto. Compaxina as actuacións co *Cuarteto Veracruz*, cos concertos da *Sociedad Filarmónica de Vigo*, da que é o seu Primeiro Violín e, inclusive, concertista. Entre os anos 1950 e 1961 actúa en diversas cidades españolas co *Conxunto Veracruz*. É nesta época cando dedica máis tempo á composición musical, chegando a crear para a difusión das súas composicións *Edicións Celta*. No ano 1961 desaparece o *Conxunto Veracruz*. Bernardo traslada a súa residencia a Madrid, onde exerce como profesor de orquestra na especialidade de violín. En Madrid forma parte de importantes orquestras coas que actúa nas principais salas de festas; ademais de actuacións en televisión e diversas gravacións discográficas. Con Pedro Iturralde e con Regolí actúan no coñecido local madrileño *Whisky Jazz* e gravan varios discos. En 1964 fai unha xira dun ano de duración coa súa orquestra por lugares como Finlandia, Noruega, Alemaña ou Persia. De volta en España segue publicando música, sendo membro da SGAE (*Socieda General de Autores de España*) e recuperando a súa actividade anterior de compositor. En 1971, regresa a súa vila natal. A música pasa a ser unha ocupación secundaria ao mudar a súa actividade principal, pero segue mantendo a súa colaboración coa Sociedad Filarmónica de Vigo, como Concertino e Solista nalgún concerto no ámbito galego. Nestas datas cesa a súa actividade

como compositor. Bernardo Giráldez faleceu no Porriño o 4 de setembro de 1974.

2.3 **Historia arquivística:** A localización do fondo foi no domicilio do fillo do autor, aínda que sufriu varios traslados.

2.4 **Forma de ingreso:** O fondo procede da doazón do seu fillo, o señor Bernardo Giráldez Saborido, formalizada mediante convenio de doazón con data do 19 de xaneiro de 2010. Con anterioridade, no ano 2009, Bernardo Giráldez Saborido efectuou un préstamo para reprodución de 95 fotografías pertencentes ao álbum familiar do seu pai. As reproducións destas imaxes incorporáronse nese mesmo ano ao Fondo Xeral do Arquivo.

3 ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA:

3.1 **Alcance e contido:** O fondo está formado por 6 partituras orixinais manuscritas obra de Bernardo Giráldez del Campo; 4 maquetas para imprenta con partituras manuscritas de 8 obras de B. Giráldez del Campo; 2 publicacións de *Ediciones Celta* con partituras de 4 obras de B. Giráldez del Campo; 1 tarxeta profesional de identidade da *Sección de Profesores de Orquesta*, expedida polo *Jurado Mixto y de Espectáculos Públicos de Madrid*; 1 recorte de un anuncio publicado nun xornal finés, promovendo un concerto do conxunto de B. Giráldez en Helsinki; 9 fotografías, positivos en branco e negro, de distintas formacións musicais das que foi compoñente Bernardo Giráldez del Campo. Todos os documentos se presentan en soporte papel. As partituras son composicións para orquestras de temas de música moderna e popular, con partes para varios instrumentos e de estilos tan variados como Fox-swing, Beguine, Pasodoble, Fox-fast, Guaracha, Bolero, Baiao, Bayón, Samba, etc.

3.2 **Valoración, selección e eliminación:** Non se levou a cabo ningunha operación sistemática de avaliación e expurgo.

3.3 **Novos ingresos:** Existe a posibilidade de que se poida realizar algún ingreso adicional ao fondo no futuro.

3.4 **Organización:** O tratamento do conxunto iniciouse en xaneiro do ano 2010. Na actualidade estase xestionando se é viable instalar en materiais de conservación a totalidade do fondo. O fondo está catalogado e en fase de dixitalización.

4 ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E USO:

4.1 **Condicións de acceso:** O seu acceso é libre.

4.2 **Condicións de reprodución:** O Concello do Porriño posúe todos os dereitos de explotación de acordo co convenio de doazón e os períodos que establece a lexislación, e autoriza a súa reprodución baixo as condicións establecidas en cada caso polo Arquivo Municipal da Imaxe.

4.3 **Lingua/ escritura dos documentos:** O fondo está formado por documentos musicais (música manuscrita e música impresa), documentos textuais, e documentos fotográficos.

4.4 **Características físicas e requisitos técnicos:** Tanto as partituras manuscritas como as editadas, así como os demais documentos textuais e fotográficos presentan un bo estado de conservación.

4.5 **Instrumentos de descrición:** Existe un instrumento de descrición a nivel de catálogo.

5 ÁREA DE DOCUMENTACIÓN RELACIONADA:

- 5.1 **Existencia e localización dos documentos orixinais:** Os orixinais atópanse no Arquivo Municipal da Imaxe do Concello do Porriño.
- 5.2 **Existencia e localización das copias:** Os documentos están sendo dixitalizados para a súa consulta.
- 5.3 **Unidades de descrición relacionadas:** No Arquivo Municipal da Imaxe do Concello do Porriño existen como unidades relacionadas con este fondo, reproducións dixitais de fotografías do álbum familiar e profesional de B. Giráldez del Campo, que foron cedidas con anterioridade a doazón deste fondo polo seu fillo Bernardo Giráldez Saborido. Descoñecemos si existen noutros arquivos unidades de descrición relacionadas co fondo.
- 5.4 **Nota de publicacións:**
GIRÁLDEZ, B. ; GACITUAGA, C. J.. *No te duermas camarón (Guaracha) – Bahía de Vigo (Samba)*. Vigo. Ediciones Celta. Data descoñecida. Data de copyright da obras 1952, p. 12
GIRÁLDEZ, B. *En la noche de abril (Bolero) – Sólo tu podrás ser (Bolero)*. Vigo. Ediciones Celta, 1959, p. 20

6 ÁREA DE NOTAS:

- 6.1 **Notas:** É posible que a familia conserve máis documentos relacionados con este fondo. Queda pendente un traballo de localización de gravacións sonoras nas que interveña B. Giráldez e a ser posible a súa captación para integrar neste fondo.

7 ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN:

- 7.1 **Nota do arquivista:** Descrición realizada por Fátima Rodríguez Sío.
- 7.2 **Regulamentos ou normas:** A descrición baséase directamente nas directrices da Norma ISAD (G)
- 7.3 **Data da descrición:** Elaborada en 2010.